

***O Alzheimer e outras demencias en Galicia. Unha visión interdisciplinaria.***

Editado por AFALU e a Universidade de Santiago de Compostela no ano 2009.

O envellecemento da poboación nas sociedades occidentais é un proceso imparabile que enfrenta a tódolos colectivos a novos retos, sobre todo no referente ás necesidades asistenciais, e mái cando a estas necesidades se lle suman problemas de demencia nos que o tratamento médico debe ir acompañado dun equipo de atención interdisciplinaria para mellorar os resultados farmacolóxicos e a vida dos pacientes e dos seus cuidadores/as.

A iniciativa da Asociación de Familiares de Doentes de Alzheimer e outras Demencias de Lugo (AFALU) fixo posible a publicación de O Alzheimer e outras demencias en Galicia, unha obra centrada nas dificultades que o Alzheimer e outras demencias presentan actualmente dentro da sociedade galega, onde máis de vinte cinco mil persoas están afectadas por algunha destas enfermidades e cuxas consecuencias van máis alá do propio paciente, traendo consigo fondas implicacións para os familiares, para os cuidadores/as dos enfermos e para un amplísimo número de profesionais que, dun xeito ou doutro, dedican os seus esforzos a afróntalas e tratálas.

Este libro pretende servir de referente tanto para investigadores como para cuidadores/as, xa que, por unha banda, serve como guía respecto ao estado actual das investigacións sobre este tipo de enfermidades e, por outra, ofrece informacións e suxerencias fundamentais para as persoas que atenden aos enfermos con Alzheimer ou con algún outro tipo de demencia.

Este libro véndese en librerías.